

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CATORCE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e cincuenta minutos do día catorce de xaneiro de dous mil vinte e un, réunese en primeira convocatoria a Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria correspondente a este día. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Subín Fernández (sistema videoconferencia) e don Alejandro Antonio García Sousa . Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro (sistema videoconferencia) e do interventor do Concello don Manuel Larrosa Rodríguez; sesión que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- EXPEDIENTES DE URBANISMO.-

Licenza de rehabilitación de vivenda unifamiliar

PROPOSTA DE ALCALDIA

“-Expte. de obras 138/2020.- **PATRICIA PIÑEIRO VIZOSO.**- Para as obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar sita no Lugar de Parada n.º 137, parroquia de Meirás, Valdoviño, en solo clasificado como **SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ORDENANZA 1 RESIDENCIAL EXTENSIVA**, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto David Novo López.

E visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 11 de xaneiro de 2021 e da secretaria municipal da mesma data en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder licenza de rehabilitación de vivenda unifamiliar sita no lugar de Parada n.º 137, parroquia de Meirás, Valdoviño, licenza que se otorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto técnico David Novo López e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (ANEXO I: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 11 de xaneiro de 2021, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma , xunto coa licena municipal.

Terceiro.- APROBAR a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 48,08 €. ICIO.-994,67 €

Cuarto.- APROBAR o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses

Valdoviño, 13 de xaneiro de 2021

O Alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a licenza anteriormente transcrita.

2º.- ESCRITO Nº DE REXISTRO 20219990000021 DO TÉCNICO DA OBRA “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO I, DE CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MOURENTE.-

Visto o escrito nº rexistro 20219990000021 de data 11.01.21, de don Rubén Fernández Lombardero arquitecto Colexiado nº 3.870, en calidade de Director de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde da obra: “Proxecto básico e de execución, modificado 1, de campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol municipal de Mourente”, que se atopa en fase de execución; no que emite informe sobre o acto de comprobación, medición e liquidación das obras no día 11.12.20 con reunión das partes: Mecano Sport, SL, Oziona S.L, a Dirección de Obra e representantes da promotora; no que entre outros se sinala a observancia de deficiencias nas obras executadas pola anterior adxudicataria: Mecano Sport S.L

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e votación ordinaria, **ACORDA:**

Primeiro.- Dar traslado á empresa Mecano Sport S.L, do dito informe para que no prazo de 15 días, formule as alegacións oportunas; en orde a adoptar as medidas que sexan procedentes.

Segundo.- Solicitar ao Director da Obra, Sr. Fernández Lombardero que presente un informe técnico no que conste a cuantificación económica das deficiencias manifestadas no seu informe así como o das obras pendentes de realizar.

PARTE DE ACTIVIDADE

3º.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PARA A SEGURIDADE DO COVID-19.-

Asistentes:

Alberto González Fernández - Presidente

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Alejandro Antonio Garcia Sousa

Jessica Sabín Fernández (videoconferencia)

O Sr. Alcalde transmite a publicación do decreto 3/2021, do 13 de xaneiro, polo que se modifica o decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte a crise sanitaria.

Nel indícase as poboacións que teñen restrinxida a entrada e saída de persoas do ámbito territorial (no cal non estamos incluídos) e recoméndase restrinxir ao máximo a interacción social e que os encontros queden limitados unicamente á unidade de convivencia. Tamén os grupos de persoas en espazos de uso público, tano pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas conviventes

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar , sendo as dez horas e trinta e cinco minutos deste minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente , e coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

Documento asinado dixitalmente á marxe pola Secretaria Municipal e polo Alcalde